

# **FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

## **NORMATIVA TÉCNICA 2015**



**FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
CICLISMO**

## INDICE

### Contenido

1. DISPOSICIÓN XERAIS .....	9
1.1. NORMAS XERAIS.....	9
1.1.1. NORMAS COMÚNS .....	9
1.1.2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS.....	9
1.1.3. REPRESENTATIVIDADE .....	10
2. LICENZAS.....	10
2.1. Definición:.....	10
2.2. Período de validez:.....	10
2.3. Seguro obrigatorio:.....	10
2.4. Licenzas dun día .....	10
2.4.1. Licenzas temporais autonómicas:.....	11
2.5. Categorías:.....	12
2.6. Xuíces Árbitros e Cronometradores.: .....	12
3. REGULAMENTO DE ENSINOS DEPORTIVOS .....	12
3.1. Lexislación:.....	12
4. ORGANIZACIÓN E REGULAMENTOS PARTICULARES DAS CARREIRAS.....	12
4.1. Organización de carreiras (Estrada, btt, etc.) Normas comúns coas particularidades que a cada modalidade corresponda. ....	12
4.2. Tipos de probas:.....	13
4.2.1. Probas de competición: .....	13
4.2.2. Marchas non competitivas – Cicloturismo: .....	13
4.2.3. Carreiras sociais:.....	13
4.2.4. Excursións colectivas: .....	15
4.3. Codificación das carreiras .....	16
4.4. Regulamento particular. ....	17
4.4.1. Vehículos seguidores .Probas en estrada .....	20
4.5. Participantes.....	20
4.6. Condicións de participación de equipos non galegos.....	20
4.7. Seguridade da proba .....	20
4.8. Premios .....	22
4.9. Control de carreiras .....	23

4.9.1. Actas de carreira e follas de inscrición .....	23
5. EQUIPOS - CESIÓNS.....	23
5.1. Equipos Ciclistas.....	24
5.2. Contratos.....	24
5.3. Cesiós.....	24
5.4. Competicións no estranxeiro .....	24
5.5. Selección Galega.....	24
5.6. Participación en competicións .....	25
6. CATEGORÍAS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.....	25
6.1. PROMESAS.....	25
6.1.1. Particularidades da categoría .....	25
6.2. PRINCIPIANTES.....	26
6.2.1. Particularidades da categoría .....	26
6.3. ALEVÍNS .....	26
6.3.1. Particularidades da categoría .....	26
6.4. INFANTÍS.....	26
6.4.1. Particularidades da categoría .....	26
6.5. CADETES: .....	26
6.5.1. Desenrolo .....	26
6.5.2. Competicións / Distancias .....	26
6.5.3. Desenrolo .....	27
6.5.4. Competicións / Distancias .....	27
6.5.5. Particularidades da categoría .....	28
6.5.6. Voltas por etapas.....	28
6.6. JUNIORS:.....	29
6.6.1. Desenrolo .....	29
6.6.2. Competicións / Distancias .....	29
6.6.3. Desenrolo .....	30
6.6.4. Competicións / Distancias .....	30
6.6.5. Particularidades da categoría .....	30
6.6.6. Voltas por etapas.....	31
6.6.7. Desenrolo .....	31
6.6.8. Competicións / Distancias .....	31

6.6.9. Desenrolo .....	32
6.6.10. Competicións / Distancias .....	32
6.6.11. Particularidades da categoría .....	32
6.7.1. Desenrolo .....	32
6.7.2. Competicións / Distancias .....	32
6.7.3. Desenrolo .....	33
6.7.4. Competicións / Distancias .....	33
6.8. FÉMINAS .....	33
6.9. MASTER 30 .....	34
6.10. MASTER 40, 50 e 60.....	34
7. PARTICIPACIÓNS CONXUNTAS.....	35
7.1. JUNIOR E SUB-20 MASCULINO.....	35
7.1.1. Condicións de participación .....	35
7.1.2. Clasificacións e premios .....	35
7.1.3. Participación conxunta Júnior – Sub 23.....	35
De acordo coa normativa da Federación Española de Ciclismo, e con carácter excepcional poderanse autorizar a organización de probas con participación conxunta destas categorías sempre que teñan carácter autonómico e se contemple nos regulamentos que se presenten para a súa aprobación. ....	
7.2. MULLERES CON CATEGORÍAS MASCULINAS .....	35
7.2.1. Se compiten coa súa respectiva categoría masculina .....	35
7.2.2. Se compiten cunha categoría masculina inferior .....	36
8. NORMAS COMUNS PARA TODAS AS MODALIDADES.....	36
8.1. RANKING DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO.....	36
8.2. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	37
8.3. RANKING POR EQUIPOS.....	37
8.4. Cerimonias protocolarias de podio.....	38
9. CAMPIONATOS DE GALICIA.....	38
9.1. CAMPIÓNS DE GALICIA .....	38
9.2. PARTICIPACIÓN .....	38
9.3. TODAS AS MODALIDADES .....	38
9.3.1. CAMPIONATOS GALEGOS EN ESTRADA.....	38
9.4. Categorías As categorías de competición do campionato Galego, únicas con dereito a maillot acreditativo e medallas serán:.....	39
9.5. Estrada.....	40

9.5.1. MASCULINO .....	40
9.5.2. FEMININO .....	40
9.6. Ciclo-Cross.....	41
9.6.1. MASCULINO .....	41
9.6.2. FEMININO .....	41
9.6.3. Orde de saída.....	41
10. CICLISMO ESCOLAR .....	42
10.1. PARTICIPACIÓN CONXUNTA EN COMPETICIÓNS ESCOLARES .....	42
10.2. REGULAMENTO XERAL.....	42
10.3. FOMENTO DO CICLISMO ESCOLAR.....	44
10.4. REUNIÓNS ESCOLARES.....	45
10.4.1. Desenrolos .....	45
10.4.2. Particularidades das reunións na categoría promesa e principiante ..	45
10.4.3. Exemplo de Estrutura dos obstáculos. ....	46
10.4.4. Particularidades das reunións en categoría alevín e infantís.....	47
10.5. TROFEOS.....	47
11. REGULAMENTOS TÉCNICOS DAS PROBAS DE CICLOCROSS.....	48
11.1. NORMATIVA XERAL .....	48
11.2. PREMIOS.....	48
11.3. CAMPIONATOS DE GALICIA.....	48
11.3.1. Participación.....	48
11.3.2. Condicións de participación.....	48
11.3.3. Categorias.....	49
11.3.4. Orde de saída.....	50
11.3.5. Duración da proba.....	50
12. NORMATIVA BTT .....	51
12.1. NORMATIVA XERAL .....	51
12.2. CALENDARIO .....	51
12.3. CATEGORÍAS.....	51
12.4. As probas de BTT están abertas á participación de todos os ciclistas, segundo a categoría que figure na súa licenza vixente para a presente tempada:	51
13. CLASES DE PROBAS .....	52
13.1. Probas de competición .....	52
13.2. Marchas non competitivas – Cicloturismo .....	52

14. REGULAMENTO PARTICULAR, INSCRICIÓN E ORGANIZACIÓN.....	53
14.1. Regulamento particular .....	53
14.2. Organización .....	53
14.3. Inscripción e controis.....	54
14.4. Sistema de inscrición e controis .....	54
14.4.1. Probas con sistema de inscrición electrónica.....	54
14.4.2. Probas con sistema de inscrición tradicional.....	55
14.4.3. Dorsais e placas.....	55
14.4.4. Cerimonia protocolaria de pódium.....	56
15. CAMPIONATOS DE GALICIA.....	56
15.1. Participación.....	56
15.2. Disciplinas .....	56
15.3. ORDE DE SAÍDA: .....	57
15.3.1. Cross-country .....	57
15.3.2. Descenso .....	57
15.3.3. Maratón.....	58
15.3.4. Enduro.....	59
16. RÁNKING FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO.....	59
16.1. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	59
16.2. CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS.....	60
17. REGULAMENTO DO OPEN DE GALICIA BTT-XCO .....	60
17.1. CONDICIÓN MÍNIMAS .....	60
17.2. PARTICIPANTES .....	60
17.3. ORDE DE SAÍDA .....	61
17.3.1. Orde de saída, primeira proba do Open.....	62
17.3.2. Orde de saída, para o resto das probas .....	62
17.4. Distancia de circuítos. ....	63
17.5. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL .....	63
17.6. PREMIOS E TROFEOS .....	64
17.7. Maillot de líder .....	64
18. REGULAMENTO DO OPEN DE GALICIA BTT-DH.....	65
18.1. CONDICIÓN MÍNIMAS .....	65
18.2. PARTICIPANTES .....	65

18.3. ORDE DE SALÍDA .....	66
18.3.1. Orde de saída por categorías .....	66
18.3.2. Orde de saída primeira proba do Open .....	67
18.3.3. Orde de saída para o resto de probas .....	67
18.4. SISTEMA DE COMPETICIÓN .....	67
18.5. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL .....	67
18.6. Premios e trofeos .....	68
18.7. Maillot de líder .....	69
19. BIKE-MARATÓN .....	69
20. OPEN DE GALICIA BIKE-MARATÓN .....	70
20.1. CONDICIÓN MÍNIMAS .....	70
20.2. PARTICIPANTES .....	70
20.3. SISTEMA DE INSCRICIÓN .....	71
20.4. CIRCUÍTO .....	71
20.5. ORDE DE SAÍDA, PRIMEIRA PROBA DO OPEN .....	71
20.6. ORDE DE SAÍDA, PARA O RESTO DAS PROBAS .....	72
20.7. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL .....	72
20.8. TROFEOS .....	73
20.9. Maillot de líder .....	73
21. MARCHAS CICLOTURISTAS / CICLODEPORTIVAS BTT .....	73
22. ENDURO BTT .....	73
23. REGULAMENTO DO OPEN DE GALICIA BTT- ENDURO .....	73
23.1. CONDICIÓN MÍNIMAS .....	74
23.2. PARTICIPANTES .....	74
23.3. ORDE DE SALÍDA .....	75
23.4. SISTEMA DE INSCRICIÓN .....	75
23.5. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL .....	75
23.6. Trofeos .....	76
23.7. Maillot de líder .....	76
24. PROBAS DE RESISTENCIA (RS) .....	77
25. ESCOLAS BTT – MINI BTT - XC .....	77
25.1. Categorias .....	77
25.2. PROMOCIÓN .....	77

25.3. Dorsais e placas.....	78
25.4. Inscricións .....	78
25.5. Orde e grellas de saída .....	78
25.5.1. Orde de saída por categorías.....	78
25.5.2. Orde de saída primeira proba.....	79
25.5.3. Orde de saída resto das probas .....	79
25.6. Circuito.....	80
25.7. Sistema de competición .....	80
25.8. Duración dá proba .....	81
25.9. Clasificación .....	81
25.10. Trofeos .....	82
25.11. Puntuación clasificación xeral individual (ránking) .....	82
26. PROBAS DE MINI BTT - DH.....	83
26.1. Orde de saída.....	84
26.2. Material.....	84
26.3. Circuito.....	84
26.4. Sistema de competición .....	84
26.5. Puntuación para confección da grella de saída.....	85
27. OBRIGAS FINANCEIRAS.....	86
27.1. TAXAS CALENDARIO DE PROBAS.....	86
27.2. TAXAS ARBITRAIS.....	87
27.3. PREZOS TRAMITACIÓN DE LICENZAS.....	88
27.4. PREMIOS MINIMOS PARA CARREIRAS EN ESTRADA.....	88
27.5. Premios mínimos para carreiras de Ciclocross .....	90



## REGULAMENTOS TÉCNICOS E PARTICULARES DO CICLISMO GALEGO

As disposicións que se establecen a continuación constitúen o Regulamento de Ciclismo da Federación Galega de Ciclismo e anula, definitivamente, os Regulamentos Xerais e Técnicos, que fosen aprobados con anterioridade, así como a Normativa Técnica que igualmente fose aprobada con anterioridade a esta data. As disposicións que se establecen a continuación, son un complemento adicional, de carácter regulamentario ao establecido no Regulamento do Deporte Ciclista da UCI e serán de aplicación para todas as competicións de carácter autonómico. Calquera disposición ou caso non considerado nesta normativa técnica, será resolto baseándose no que se indique no Regulamento do Deporte Ciclista UCI ou nos Regulamentos Técnicos e Particulares da RFEC.

### 1. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### 1.1. NORMAS XERAIS

##### 1.1.1. *NORMAS COMÚNS*

Os presentes Regulamentos son de aplicación a todas as persoas e entidades que dunha forma ou outra se encontren baixo o ámbito da Federación Galega de Ciclismo. Toda persoa natural ou xurídica, baixo o ámbito da Federación Galega de Ciclismo, en posesión da licenza federativa, ten a obriga de coñecer os presentes Regulamentos e, polo tanto, sométese ás consecuencias que poidan derivarse da súa aplicación, sen que, en ningún caso, poida alegar ignorancia destes. Todas as persoas sinaladas con anterioridade deben ter presente que para todo canto se refira ao cumprimento destes Regulamentos deben dirixir as súas peticións á Comisión Técnica da Federación Galega de Ciclismo, para aclaracións ou solicitude de melloras, ou ao Comité de Competición da Federación Galega de Ciclismo para reclamacións de competición ou denuncias disciplinarias, sendo neste caso o procedemento, o indicado no Regulamento de Disciplina Deportiva da Federación Galega de Ciclismo.

##### 1.1.2. *ACTIVIDADES DEPORTIVAS*

A Federación Galega de Ciclismo ten competencia para fixar as limitacións que

considere oportunas respecto á actividade deportiva dos corredores, relacionada coas esixencias propias da categoría, en interese da tutela do patrimonio deportivo ciclista.

### 1.1.3. REPRESENTATIVIDADE

O Presidente da Federación Galega de Ciclismo, ou o Directivo no que delegue, cando asista a un acto ciclista, o presidirá como máxima Autoridade Deportiva Ciclista na Comunidade Autónoma Galega

## 2. LICENZAS

### 2.1. DEFINICIÓN:

Segundo regulamentación da Real Federación Española de Ciclismo

### 2.2. PERÍODO DE VALIDEZ:

Segundo regulamentación da Real Federación Española de Ciclismo.

### 2.3. SEGURO OBRIGATORIO:

Adaptado á Lei do deporte da Comunidade Autónoma Galega.

### 2.4. LICENZAS DUN DÍA

A licenza dun día ten un custo económico fixado nas Obrigacións Financeiras (APENDICE 1)

O organizador de probas nas que participen ciclistas con licenzas dun día está obrigado a enviar 48 horas antes do comezo da proba a relación de participantes segundo documento que se atopa na páxina Web da Federación ás direccións de correo electrónico da correduría intermediaria da compañía de seguros e a [federacion@fgalegaciclismo.es](mailto:federacion@fgalegaciclismo.es), mail da Federación.

No prazo de 2 días hábiles, enviarase o documento orixinal á federación co resguardo do ingreso bancario correspondente ao pagamento das altas no seguro dun día.

O seguro só estará vixente mentres se disputa a proba para a que se fai a licenza dun día.

No caso en que o ciclista sexa menor de idade, deberá de incluír unha autorización dos pais ou titores legais.

En caso de que o ciclista non posúa DNI, deberá figurar o dun dos seus pais ou titores legais e ademais incluír unha autorización destes.

As licenzas dun día non serán tidas en conta para a elaboración dos Censos Electorais, nin para os ranking ou copas autonómicas.

Autorizaranse as licenzas temporais dun día en todas as probas de cicloturismo e nas probas de competición do calendario autonómico de carretera da Federación Galega de Ciclismo en todas as categorías, agás: Júnior, Elite, Sub 23 e Máster ,exceptuando as carreiras sociais onde se permitiran as licencias de un día indistintamente da categoría en que participen os corredores.

Así mesmo, serán autorizadas licenzas dun día nas especialidades de BTT-XCO, BTT-DH, BTT-Maratón, Enduro, Resistencia, Four-Cross (4X) e Mini BTT.

Esta validez só se permitirá en probas inscritas no calendario autonómico da Federación Galega de Ciclismo.

A licenza dun día permite disputar a proba na que foi estendida, sendo a cobertura do seguro de R. C. e accidentes dende o momento da inscrición ata o peche de control da proba.

A licenza dun día dos corredores menores de idade, deberá ir obrigatoriamente asinada polo pai/nai ou titor legal.

#### *2.4.1. LICENZAS TEMPORAIS AUTONÓMICAS:*

Segundo regule a Real Federación Española de Ciclismo

## 2.5. CATEGORÍAS:

Segundo regulamentación da Real Federación Española de Ciclismo

## 2.6. XUÍCES ÁRBITROS E CRONOMETRADORES.:

Segundo Regulamentación da R.F.E.C.

# 3. REGULAMENTO DE ENSINOS DEPORTIVOS

## 3.1. LEXISLACIÓN:

Os cursos para a obtención dos títulos de director deportivo de ciclismo, realizaranse de acordo co establecido pola Xunta de Galicia e no Regulamento e Normativa de a Escola Nacional de Adestradores, conforme ao regulado no Real Decreto 1913/1997, do 19 de decembro e na Orde Ministerial do 5 de xullo de 1999 e 8 de novembro de 1999, do Ministerio de Cultura, que regulan a formación oficial dos técnicos deportivos, ademais do proceso de homologación, revalidación e equivalencia para todos aqueles titulados pola Escola Nacional de Adestradores, antes da entrada en vigor de dita normativa.

# 4. ORGANIZACIÓN E REGULAMENTOS PARTICULARES DAS CARREIRAS

## 4.1. ORGANIZACIÓN DE CARREIRAS (ESTRADA, BTT, ETC.) NORMAS COMÚNS COAS PARTICULARIDADES QUE A CADA MODALIDADE CORRESPONDA.

Poderán organizar carreiras ciclistas as entidades xurídicas que teñan licenza de club ou de organizador en vigor. A denominación das carreiras é propiedade do organizador, non así o percorrido, e aquela perderana se deixan de celebrar a carreira dous anos consecutivos pasando o nome á propiedade da Federación Galega de Ciclismo, a cal poderá concedela a un novo organizador. Para que unha actividade ciclista sexa incluída no calendario autonómico haberá cumprir os seguintes requisitos:

-Enviar unha solicitude de inclusión no calendario.

- Abono das taxas administrativas de acordo coas obrigas financeiras do ano en curso e para cada categoría ou solicitude de aprazamento con compromiso de pagamento.

Os organizadores de probas que se celebren en Galicia, aínda sendo de carácter nacional están obrigadas ao pagamento das taxas de acordo co parágrafo anterior, por ser a Federación Galega de Ciclismo a que aporte a cobertura dos seguros de accidentes de responsabilidade civil ademais dos trámites administrativos da proba.

As taxas arbitrais deberán ser aboadas segundo as obrigas financeiras do ano en curso con unha antelación de 15 días antes da celebración da proba.

Recoméndase facelo e enviar o xustificante de pagamento conxuntamente cos regulamentos particulares da proba.

Non serán aprobados os regulamentos das probas e non se enviarán as autorizacións e certificacións do seguro de accidentes e responsabilidade civil das actividades que non teñan acreditado os pagamentos das taxas administrativas e arbitrais correspondentes.

## 4.2. TIPOS DE PROBAS:

### 4.2.1. *PROBAS DE COMPETICIÓN:*

Segundo regulamentación da Real Federación Española de Ciclismo.

### 4.2.2. *MARCHAS NON COMPETITIVAS – CICLOTURISMO:*

Segundo regulamentación da Real Federación Española de Ciclismo.

### 4.2.3. *CARREIRAS SOCIAIS:*

A organización de carreiras sociais require os mesmos requisitos administrativos e económicos que o resto de categorías.

Poderase calendar unha proba Social Open no calendario da FGC en calquer momento do ano.

A regulamentación aplicable para as Carreiras Sociais será a de Probas dun Día, e en cada caso, corresponde ao organizador o establecemento dos eventuais regulamentos e clasificacións xerais.

#### 4.2.3.1. Participación

As probas, ao estar consideradas de carácter autonómico e desenvolverse no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, está aberta a todos os deportistas con licenza en vigor da RFEC ou ben de calquera outra federación afiliada á UCI.

A participación queda aberta a todas as categorías a partir de cadetes, tanto para homes coma para mulleres. As quilometraxes das probas deberanse adecuar as limitacións existentes no regulamento de cada categoría.

A participación quedará expresamente prohibida sempre que a categoría teña unha proba no calendario galego.

Se o organizador, por problema de loxística ou por imposibilidade de facer a quilometraxe de algunha categoría, poderá limitar a participación de algunha categoría, sempre o deberá facer constar no momento da presentación no regulamento da proba no FGC.

Queda habilitada a licenza de 1 día, o corredor se inscribirá na categoría acorde a súa idade, para formalizar a súa inscrición deberá aboar a taxa correspondente.

Os corredores con licenza cicloturista poderán participar sempre que abone a taxa de inscrición de licenza de 1 día.

Non se limitará o número de participantes.

#### 4.2.3.2. Categorías:

A división das categorías farase por grupos de idade, quedando da seguinte maneira:

- Cadete home e muller (15-16 anos)
- Junior home e muller (17-18 anos)
- Senior home e muller (19-29 anos)



- Master 30 (30-39 anos)
- Master 40 (40-49 anos)
- Master 50 (50-59 anos)
- Master 60 (60-69 anos)

#### 4.2.3.3. Premios:

Os premios quedan a disposición do organizador da proba (Trofeos, obsequios, flores...), pero sempre deberá haber como mínimo o gañador de cada categoría. Tamén poderase entregar maillots distintivos os líderes de cada categoría se así o considera oportuno o organizador. Os premios en metálico non son obrigatorios, pero si o organizador o considera oportuno, terá que ter en conta a táboa de premios de cada categoría, de non existira tal táboa, o organizador poderá entregar o que el considere sempre que o regulamento da categoría o permita.

#### 4.2.4. EXCURSIÓNS COLECTIVAS:.

Denomínanse excursións colectivas ás saídas ciclistas programadas nos calendarios habituais dos clubs ou peñas ciclistas federados e nas que participen socios con licenza cicloturista en vigor. Enténdese como excursión colectiva a participación nun percorrido previamente establecido e calendado pola Xunta Directiva do Club ou Peña ciclista no seu correspondente calendario cicloturista.

Efectuaranse con circulación aberta ao tráfico rodado, e os seus participantes serán considerados usuarios normais das vías públicas sometidos ás normas xerais da Lei de Seguridade Viaria o Regulamento Xeral de Circulación, excluíndose un uso especial da vía pública ou a creación dunha infraestrutura específica organizada polo club para a realización da excursión. Os participantes serán responsables únicos dos seus propios actos, ao ser usuarios comúns das vías públicas ao participar nunha excursión persoal.

A petición de licenza de cicloturismo poderá efectuarse directamente á Federación Galega de Ciclismo cando así o solicite un deportista domiciliado na Comunidade de Galicia.

A licenza terá carácter anual con validez desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. Esta licenza cubre un seguro de accidentes, segundo cobertura contratada e seguro

de responsabilidade civil.

Está licenza cubre un seguro de accidentes, segundo cobertura contratada e seguro de responsabilidade civil

A posesión da licenza dá dereito a:

- a) Participar en calquera marcha cicloturista dentro do territorio nacional así como participar na Liga de Cicloturismo Galega, se a houbera, e obter os premios correspondentes á clasificación final anual da liga de cicloturismo.
- b) Participar nas clasificacións do campionato de cicloturismo se o houbera.

Os corredores que estén en posesión de está licenza non poderán participar en ningunha proba competitiva, a non ser que tramiten a oportuna licenza dun día.

#### 4.3. CODIFICACIÓN DAS CARREIRAS

As probas a celebrar en Galicia e non inscritas no Calendario Nacional terán a seguinte clasificación e participación que a continuación se indica:

CLASE	PARTICIPACIÓN
1.12A	Corredores élite e sub-23
1.13A	Corredores Sub-23
1.13.A1	Corredores Sub-21 e Júnior (carreiras limitadas pola CT)
1.14A	Corredores Júnior
1.14A1	Corredores Júnior e Cadetes de 2º año (carreiras limitadas pola CT)
1.15A	Corredoras mulleres (Élite, Júnior, Cadete)
1.16A	Corredores cadetes
1.17A	Competicións escolares (Infantís, Alevíns, Principiantes, Promesas)
1.18A	Corredores Master 40, 50 y 60
1.19A	Corredores Master 30
1.20A	Criteriums Élite UCI e Élite
1.28A	Proba de BMX
1.29A	Proba de Trial
1.30A	Cicloturismo
1.33A	Proba de Ciclo-Cross
1.40A	Competición Social
CG	Campionato de Galicia
H.1A	Probas do Open Galego de XCO
H.2A	Resto de probas de XCO do calendario galego
I.1A	Probas do Open Galego de DH



I.2A	Resto de probas de DH do calendario galego
K.1A	Probas do Open Galego de Bike Maratón
K.2A	Resto de probas de Bike Maratón galego
L.1A	Probas do Open Galego de Enduro
L.2A	Resto de probas de Enduro do calendario galego e probas por etapas de Enduro.
N.1A	Probas do Open Galego de 4X
N.2A	Resto de probas de 4X do calendario galego
MC	Marchas cicloturistas/ciclodeportivas non competitivas de BTT
R.1A	Probas do Open Galego de Resistencia
R.2A	Resto de probas de resistencia do calendario galego

#### 4.4. REGULAMENTO PARTICULAR.

O Organizador debe cumprimentar un Regulamento particular para a súa proba, presentalo debidamente cumprimentado con toda a documentación anexa informativa da proba nun prazo anterior aos 45 días, para o seu estudo e aprobación se procede polos órganos competentes da Federación Galega de Ciclismo, e ser enviado ao órgano administrativo (Delegación do Goberno ou Concello segundo o caso), para obter das autoridades civís a aprobación correspondente.

A documentación que se ten que presentar deberá constar de: 6 exemplares do regulamento se é unha proba na estrada e necesita a aprobación do Servizo de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e 4 de tratarse dunha proba que non precise de devandita autorización; o mesmo número de exemplares dun plano do percorrido e do perfil detallando con horarios de paso, así como tamén dun talón a favor da FGC en concepto de aval polo importe do 100% dos premios; o devandito talón devolverase pasados 30 días se non houbo ningún tipo de reclamacións, e se non foi suspendida a proba logo de ter aprobados os regulamentos pola FGC.

Deberase ademais especificar claramente o seguinte:

- Quilómetros exactos da proba
- Lugar exacto da saída e da chegada, con nomes das rúas e direccións completas.
- Lugar onde deben facerse as inscricións e hora de comezo das mesmas

- Persoa e teléfono de contacto responsable da organización da proba

As modificacións do regulamento ou programa de carreira, aprobado polo órgano competente, incluídas aquelas a que fan referencia ao percorrido e á quilometraxe, autorizaranse cando se dea unha circunstancia sobrevida, inmediatamente antes ou durante a carreira, por causas imprevistas ou de forza maior que poñan en perigo a integridade dos concorrentes e a regularidade da proba. Tal circunstancia, deberá ser recoñecida como válida polo presidente do xurado técnico e o director de organización.

Calquera decisión, das citadas anteriormente, deberá ser comunicada aos directores deportivos para que o poñan en coñecemento dos seus corredores no máis breve espazo de tempo posible, de forma colectiva ou individualmente, segundo as circunstancias.

En caso de non realizarse a carreira, por causa de forza maior recoñecida, o organizador pode solicitar celebrala noutra data dispoñible.

En caso de suspensión, o organizador deberá asumir os gastos federativos da proba.

O organizador dunha proba debe de poñer á disposición dos equipos participantes unha lista dos hospitais próximos ao percorrido da proba ou etapa, que teñan convenio co seguro de Accidente Deportivo concertado pola Federación.

Igualmente terá que ter previsto o seguinte:

- Preparará un local de inscrición (verificación de licenzas e entrega de dorsais) adecuado para tal fin.
- Presentará ao Presidente do Xurado Técnico as preinscricións, se as

houbese.

- Disporá de placas adecuadas para identificación de vehículos acreditados.
- Disporá dun local reservado, para a reunión cos Directores Deportivos, os árbitros Forzas de Orde Pública o suficiente amplo.
- Contar cun lugar adecuado para que os membros do Xurado Técnico deliberen e poidan facer as clasificacións sen intromisión de corredores, directores e público.
- Inmediatamente logo de terminada a proba, ter preparada a Cerimonia Protocolaria para a entrega dos premios aos tres primeiros clasificados da carreira, o gañador dos pasos intermedios, e o primeiro equipo se así o estableces os regulamentos particulares.
- Recoméndase nas probas en estrada, contar cun coche de apoio neutro. Na probas do calendario da RFEC é obrigatorio dispor de polo menos 2 vehículos neutros, segundo artigo II-B.4.2 do Título II: Probas de Estrada
- Recoméndase a instalación dunha tarima ou zona elevada para o xurado técnico con fin de ter boa visibilidade da liña de chegada, a tarima situarase no lado esquerdo segundo o sentido da chegada.
- Para probas en estrada serán necesarios 4 vehículos para o xurado técnico e 1 para o médico.
- Para probas en circuíto urbano é recomendable contar con polo menos unha moto para abrir a carreira e outra a disposición do xurado técnico para o que estime necesario.

#### 4.4.1. VEHÍCULOS SEGUIDORES .PROBAS EN ESTRADA

Segundo Regulamentación da R.F.E.C.

#### 4.5. PARTICIPANTES.

Todo/a participante nunha proba de estrada ou cicloturismo aprobada pola Federación Galega de Ciclismo, será o/a responsable da súa actuación, tendo que circular aténdose ás normas de tráfico en carreira, e en caso de retirada por circular fóra de control, abandono na mesma ou expulsión por sanción arbitral, deberá quitar o dorsal, e terá que ser evacuado polo coche de director de equipo/club ao que pertence ou polo vehículo escoba da proba.

Para este suposto a responsabilidade en caso de accidente, unha vez fóra da proba, será do deportista, eximíndose a responsabilidade ao organizador e á Federación Galega de Ciclismo.

#### 4.6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DE EQUIPOS NON GALEGOS

Poderán participar corredores adscritos a outras federacións a condición de que entreguen no momento da inscrición o correspondente permiso da súa federación para participar na proba.

#### 4.7. SEGURIDADE DA PROBA

O organizador dunha proba debe velar pola seguridade de todos os participantes, sexan corredores ou os seus acompañantes con licenza en vigor, realizando coa máxima dilixencia todo tipo de sinalización para prever posibles perigos e non pecar de negligentes. Ademais está obrigado a dispor en exclusiva para a proba e os seus participantes, dun médico e polo menos unha ambulancia como mínimo para realizar

a primeira asistencia a quen o precise. Salvo caso de extrema urxencia, será o médico oficial da proba quen determine se un accidentado precisa a súa evacuación a un centro sanitario ou non.

Non dispor destes servizos, suporá a suspensión da proba. Na probas do calendario da RFEC é obrigatorio dispor de dúas ambulancias, unha das cales deberá ser medicalizada, segundo artigo II-B.4.2 do Título II: Probas de Estrada.

En probas na estrada é obrigatorio dispor dun coche escoba ou de peche con capacidade polo menos para 10 bicicletas e 10 participantes.

A Zona de Saída nas probas deberá situarse en lugares que permitan organizar un parking para o total dos vehículos que forman a caravana da carreira, evitando así colapsar a zona e permitindo a circulación de vehículos alleos á competición deportiva antes do seu inicio.

A zona de meta, obrigatoriamente deberá estar protexida cun valado e/ou cerramento como mínimo 50 metros antes e 25 logo da liña de chegada, así como dispor da debida sinalización de “Meta”.

Os organizadores deberán dispor do suficiente persoal adecuado e identificado (petos, bandeiras amarelas, etc.) que se situará nos puntos que pola súa condición leven un perigo para os participantes na carreira, como son: cruces, rotondas, puntos perigosos, etc.

En probas na estrada situaranse onde dispoñan as respectivas autorizacións emitidas polas Xefaturas Provinciais de Tráfico ou outros organismos oficiais, e dispor dos vehículos que indican o Inicio e Final de “Carreira Ciclista”.

Un organizador debe ter presente que a Comisión Nacional Antidopaxe pódelle designar a realización dun control. De darse esta circunstancia, debe terse

preparado un local adecuado para a súa realización. Así mesmo, serán designados un Inspector do Control e un Médico, ambos os dous homologados pola Comisión Nacional Antidopaxe. Os gastos ocasionados polo citado control son por conta do organizador.

En toda proba que se celebre ou finalice, en circuíto, o organizador deberá dispor dun Conta-Voltas e demais medios (megafonía ou campá), para informar do número de voltas que restan para a finalización da proba, e en especial a indicación da última volta.

Neste tipo de probas en circuíto non haberá toma de tempos obrigatoria por parte do equipo arbitral e en ningún caso constará en acta o tempo invertido nin a velocidade media.

Cando unha proba en liña se dispute en circuíto urbano e este non exceda de 1.500 metros de corda, o número de voltas a realizar deberá axustarse á seguinte quilometraxe:

<u>Categorías</u>	<u>Distancias Máximas</u>
· Elite / Sub 23.....	80 Kmts.
· Elite Feminino .....	70 Kmts.
· Júniors.....	70 Kmts.
· Júniors Feminino.....	60 Kmts.
· Cadetes,Cadetes Feminino.....	50 Kmts.
· Masters .....	50 Kmts.

#### 4.8. PREMIOS

Os premios mínimos nas probas na modalidade de estrada do Calendario Rexional Galego son os que se indican, e serán repartidos da seguinte forma:

CATEGORÍAS	PREMIOS MÍNIMOS
PROMESAS, PRINCIPIANTES, ALEVÍNS E INFANTÍS	Trofeo aos 3 primeiros clasificados por Categoría e as 3 primeiras clasificadas por categoría.
CADETE MASCULINO	Trofeos aos 3 primeiros
CADETE FEMININO	Trofeos ás 3 primeiras, sempre e cando polo menos 3 femias terminen a proba.
JUNIOR MASCULINO	Premios económicos de acordo co apéndice 1. obrigas Financeiras e trofeos aos 3 primeiros
JUNIOR FEMININO	Premios económicos de acordo co apéndice 1. Obrigas Financeiras e trofeos ás 3 primeiras, sempre e cando polo 3 femias terminen a proba.
ÉLITE E SUB-23 MASCULINO	Premios económicos de acordo co apéndice 1. Obrigas Financeiras e trofeos aos 3 primeiros.
ÉLITE E SUB-23 FEMININO	Premios económicos de acordo co apéndice 1. Obrigas Financeiras e trofeos ás 3 primeiras, sempre e cando polo menos 3 terminen a proba.
MASTER 30, MASTER 40, 50 e 60.	Trofeo aos 3 primeiros clasificados por Categoría.

## 4.9. CONTROL DE CARREIRAS

### 4.9.1. ACTAS DE CARREIRA E FOLLAS DE INSCRICIÓN

Os presidentes de Xurado Técnico das carreiras incluídas no Calendario da Federación Galega de Ciclismo, remitirán de forma telemática ([federacion@fgalegaciclismo.es](mailto:federacion@fgalegaciclismo.es)) directamente á Federación a acta e a folla de inscrición da carreira axiña como se termine e o orixinal debidamente asinado nun prazo máximo de 3 días de finalizada a mesma.

O Xurado Técnico, si as condicións de cobertura de rede informática o permiten, subirá as clasificacións unha vez finalizada a proba, e en todo caso nunca despois de 10 horas da súa finalización.

En canto a Campionatos Rexionais, Provinciais e Copa ou Open de Galicia, ademais de mandarse de modo telemática ao acabar a proba, deberán enviarse nun prazo máximo de 48 horas a acta orixinal debidamente asinada.

## 5. EQUIPOS - CESIÓNS



## 5.1. EQUIPOS CICLISTAS.

Segundo Regulamentación da R.F.E.C.

## 5.2. CONTRATOS.

Segundo Regulamentación da R.F.E.C.

## 5.3. CESIÓNS.

Segundo Regulamentación da R.F.E.C.

## 5.4. COMPETICIÓNS NO ESTRANXEIRO

Segundo Regulamentación R.F.E.C.

## 5.5. SELECCIÓN GALEGA.

Calquera corredor/a poderá ser convocado/a para formar parte do equipo rexional e debe considerarse á disposición da Federación Galega de Ciclismo.

A composición de corredores que formen parte da Selección Autonómica, será a criterio e responsabilidade do seleccionador en cada unha das diferentes especialidades. Só poderán ser seleccionados, corredores de nacionalidade española, e cuxa licenza sexa emitida pola Federación Galega de Ciclismo. Ningún dos corredores pode pertencer a clubs que participen na mesma proba.

En caso de rexeitar ou non presentarse a un requirimento non xustificando a súa ausencia nun prazo de 24 horas de ser convocado, o/a corredor/a poderá ser suspendido de forma cautelar cun máximo de 30 días polo correspondente órgano disciplinario.

Non se exime da súa responsabilidade ao responsable do equipo ao que pertenza o/a corredor/a, quen será denunciado ante o mencionado órgano disciplinario.

O/a corredor/a chamado a formar parte do equipo Galego, está obrigado a utilizar cada elemento da indumentaria e o material posto á súa disposición pola Federación Galega de Ciclismo.

Calquera corredor/a que sexa seleccionado/a pola Federación Galega de Ciclismo



para participar nos Campionatos de España, ten a obriga inescusable de participar nos mesmos, na forma e condicións que esta estableceza.

## 5.6. PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS

Os equipos e corredores pertencentes á Federación Galega de Ciclismo, deberán de participar nas probas que se organicen no ámbito da Comunidade Galega para a súa categoría. Cando na zona ou provincia á que se pertence se celebre unha carreira para a súa categoría, ningún corredor poderá participar fóra da mesma, coa excepción do indicado máis adiante.

Para participar en calquera tipo de competición fóra da Comunidade Galega e en especial as saídas ao estranxeiro, é necesario comunicar por escrito á Federación. O incumprimento desta condición deixa sen efecto as coberturas do seguro.

Para solicitar o permiso é necesario que a petición teña entrada na Federación Galega de Ciclismo polo menos seis días hábiles antes de disputarse a proba.

Os equipos e corredores das categorías Elite e Sub23, non necesitarán comunicar a participación, agás se van participar no estranxeiro.

Nas categorías de Cadetes e Xuvenís, cando se solicite en tempo e forma, segundo se especifica na Normativa Técnica da Federación, unha autorización para participar fóra da Comunidade Galega, deberán entregar tamén a relación dos corredores do equipo dispoñibles para participar obrigatoriamente nas probas que se celebren no ámbito da Comunidade Galega, durante as datas obxecto da citada autorización.

Todas as solicitudes deben facerse por escrito.

## 6. CATEGORÍAS E CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

### 6.1. PROMESAS.

Segundo a regulamentación da Rfec..

#### 6.1.1. PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 20 días de carreira ao longo da tempada, cun intervalo de polo menos dous días entre elas.

## 6.2. PRINCIPIANTES.

Segundo a regulamentación da Rfec.

### 6.2.1. PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 20 días de carreira ao longo da tempada, cun intervalo de polo menos dous días entre elas.

## 6.3. ALEVÍNS

Segundo a regulamentación da Rfec.

### 6.3.1. PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 20 días de carreira ao longo da tempada, cun intervalo de polo menos dous días entre elas.

## 6.4. INFANTÍS

Segundo a regulamentación da Rfec.

### 6.4.1. PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 20 días de carreira ao longo da tempada, cun intervalo de polo menos dous días entre elas.

## 6.5. CADETES:

### **MASCULINO:**

Segundo a regulamentación da Rfec.

### 6.5.1. DESENROLO

Utilizarán un desenrolo máximo de 52x16 (equivalente a: 6,94 m).

### 6.5.2. COMPETICIÓN / DISTANCIAS

Poderán participar respectando as seguintes distancias:

#### ➤ **En liña:**

Distancia máxima na estrada de 60Km. en forma progresiva

#### ➤ Maio 35Km.

- Xuño 40Km.
- Xullo, Agosto 60Km.
- Setembro e Outubro 50Km.

Se o circuíto ten unha lonxitude menor aos 1.500 metros, a distancia máxima a percorrer non poderá exceder os 50Km.

- **Contra o reloxo:**
  - Individual cun máximo de 12 Km.
  - Equipos cun máximo de 20 km.

Autorízase o avituallamento a partir do Km. 30 de carreira sempre que a proba se dispute en estrada.

#### **FEMININO:**

Segundo a regulamentación da Rfec.

##### *6.5.3. DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo máximo de 52x16 (equivalente a: 6,94 m).

##### *6.5.4. COMPETICIÓN / DISTANCIAS*

Poderán participar respectando as seguintes distancias:

- **En liña:**

Distancia máxima na estrada de 60Km. en forma progresiva

- Maio 35Km.
- Xuño a Outubro 60Km.

Se o circuíto ten unha lonxitude menor aos 1.500 metros, a distancia máxima a percorrer non poderá exceder os 50Km.

- **Contra o reloxo:**
  - Individual cun máximo de 12 Km.
  - Equipos cun máximo de 20 km.

Autorízase o avituallamento a partir do Km. 30 de carreira sempre que a proba se dispute en estrada.

#### 6.5.5. PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA

Poderán participar nun máximo de 35 días de carreira ao longo da tempada, cun intervalo de polo menos dous días entre elas. A partir do primeiro de xullo permítese un intervalo dun día entre dúas probas, así como que poidan participar dous días consecutivos, deixando un intervalo de 5 días ata o seguinte período de dous días consecutivos de carreira.

Recomendase ós clubs organizadores de actividades que teñan en conta o calendario nacional á hora de programar as súas carreiras dado interese e a tradición de participación dos clubs galegos en algunha das incluídas nel para as distintas categorías .

Se un club quixese participar nunha competición de fóra da nosa comunidade, habendo competición en Galicia, deberá cursar a correspondente solicitude coa suficiente antelación para poder ser sometida a análise da Comisión Técnica, quen decidirá sobre a autorización ou non para poder participar.

Os clubs con equipos de cadetes e cadetes feminino están obrigados a informar á federación a través dun escrito, de todas as carreiras que compitan fóra da comunidade. Servirá para controlar o límite de participación por ciclista durante a tempada.

(Limitación establecida pola Real Federación Española e controlada por Federacións territoriais).

O incumprimento dos puntos anteriores poderá ser motivo de sanción por parte do Comité de Disciplina Deportiva.

#### 6.5.6. VOLTAS POR ETAPAS

Para os corredores/as cadete de 15 anos establécese unha limitación de participación a unha proba por etapas, e para os corredores/as cadete de 16 anos establécese unha limitación de dúas, por tempada. Non se terán en conta neste cómputo as probas disputadas polo/a corredor/a coa selección autonómica ou a Nacional.

Os/As corredores/as que participen nunha proba por etapas gardarán 5 días de descanso ata a seguinte proba.

Para participar nunha proba por etapas é necesario obter a autorización do Comité Técnico da Federación, que deberá ser entregada ao Xurado Técnico quen debe achegala ao acta da carreira.

## 6.6. JUNIORS:

### **MASCULINO:**

Segundo a regulamentación da Rfec.

#### 6.6.1. *DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo máximo de 52x14 (equivalente a: 7,93 m).

#### 6.6.2. *COMPETICIÓNS / DISTANCIAS*

Poderán participar nas seguintes distancias, de forma progresiva:

##### ➤ **En liña:**

- Marzo e Abril 80 km. máximo
- Maio e Xuño 100 km. máximo
- Xullo e Agosto 120 km. máximo
- Setembro e Outubro 130 km. máximo

##### ➤ **Contra Reloxo:**

- Individual 20 Km. máximo
- Equipos 40 Km. máximo

Autorízase o avituallamento a partir do Km. 35 de estrada.

Se o circuío ten unha lonxitude menos aos 1.500 metros, a distancia máxima a percorrer non poderá exceder os 70Km.

### **FEMININO:**

Segundo a regulamentación da Rfec.

### 6.6.3. *DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo máximo de 52x14 (equivalente a: 7,93 m).

### 6.6.4. *COMPETICIÓN / DISTANCIAS*

Poderán participar nas seguintes distancias:

- **En liña:**
  - 80 km. máximo
- **Contra Reloxo:**
  - Individual 15 Km. máximo
  - Equipos 30 Km. máximo

Autorízase o avituallamento a partir do Km. 35 de estrada.

Se o circuíto ten unha lonxitude menos aos 1.500 metros, a distancia máxima a percorrer non poderá exceder os 60Km.

### 6.6.5. *PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA*

Poderán participar nun máximo de 40 días de carreira ao ano. Dentro deste número contabilizaranse tamén os días correspondentes ás probas por etapas en que participen. Non se contabilizarán neste cómputo a participación nos campionatos nacionais.

Os clubs que teñan equipos ou ciclistas federados nas categorías correspondentes están obrigados a participar en todas as carreiras do calendario da Comunidade de Galicia.

Se un club quixese participar nunha competición de fóra da nosa comunidade, habendo competición en Galicia, deberá cursar a correspondente solicitude coa suficiente antelación para poder ser sometida a análise da Comisión Técnica, quen decidirá sobre a autorización ou non para poder participar..

Os clubs con equipos de juniors están obrigados a informar á federación a través dun escrito, de todas as carreiras que compitan fóra da comunidade, isto servirá para controlar o límite de participación por ciclista durante a tempada.

(Limitación establecida pola Real Federación Española e controlada por Federaciones

territoriais).

O incumprimento dos puntos anteriores poderá ser motivo de sanción por parte do Comité de Disciplina Deportiva.

#### 6.6.6. *VOLTAS POR ETAPAS*

Un/ha corredor/a Júnior de 17 anos, poderá participar como máximo en 3 voltas por etapas ao longo do ano. Non se terán en conta neste cómputo as probas disputadas polo/a corredor/a coa selección autonómica ou a nacional.

Os/as corredores/as que participen nunha proba por etapas gardarán 5 días de descanso ata a seguinte proba.

Para participar nunha proba por etapas é necesario obter a autorización do Comité Técnico da Federación, que deberá ser entregada ao Xurado Técnico quen debe achegala á acta da carreira.

### **SUB-23**

#### **MASCULINO**

Segundo a regulamentación da Rfec.

#### 6.6.7. *DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo libre.

#### 6.6.8. *COMPETICIÓN S / DISTANCIAS*

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

➤ **En liña**

Ata 180 Km.

➤ **Contra reloxo**

Individual 40 Km.

Equipos 50 Km.

#### **FEMININO**

Serán as corredoras que cumbran de 19 a 22 anos de idade dentro do ano



que se estenda a licenza.

#### 6.6.9. *DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo libre.

#### 6.6.10. *COMPETICIÓN / DISTANCIAS*

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

➤ **En liña**

Ata 140 Km.

➤ **Contra reloxo**

Individual 35 Km.

Equipos 40 Km.

#### 6.6.11. *PARTICULARIDADES DA CATEGORÍA*

Poderán participar nun máximo de 40 días de carreira os/as corredores/as de 19 anos, e 50 días os/as corredores/as de 20 anos. En ambos os casos computaranse tamén os días correspondentes ás voltas nas que participen. Non se contabilizarán neste cómputo a participación nos campionatos Nacionais.

### 6.7. **ELITE**

#### **MASCULINO:**

Serán os corredores que cumpran dentro do ano da expedición da licenza 23 ou máis anos de idade.

#### 6.7.1. *DESENROLO*

Utilizarán un desenrolo libre.

#### 6.7.2. *COMPETICIÓN / DISTANCIAS*

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

➤ **En liña**



Ata 200 Km.

- Contra reloxo

Individual 50 Km.

Equipos 60 Km.

### **FEMENINO:**

Segundo a regulamentación da Rfec.

#### **6.7.3. DESENROLO**

Utilizarán un desenrolo libre.

#### **6.7.4. COMPETICIÓN / DISTANCIAS**

As distancias máximas sobre as que poderán participar son:

- En liña

Ata 140 Km.

- Contra reloxo

Individual 35 Km.

Equipos 40 Km.

### **6.8. FÉMINAS**

Poderán organizarse carreiras de féminas nas que poderán correr conxuntamente todas as categorías. Nelas haberá unha clasificación individual para cada categoría. No caso de que non se organicen carreiras específicas para mulleres, estas poderán correr conxuntamente cos homes, segundo o previsto na Guía da RFEC.

Sempre que haxa un número igual ou superior a tres corredoras por categoría, elaborárase unha clasificación independente en función da categoría.

Deste xeito o organizador poderá establecer a entrega de trofeos polo menos á primeira clasificada de cada categoría podendo poñer a condición de que polo

menos haxa 3 participantes.

As Mulleres Master non poderán recibir premios en metálico e non se poderá cobrar como taxa ou dereito de inscrición en probas desta categoría un valor superior aos 10,00 €.

## 6.9. MASTER 30

Os ciclistas a partir de 30 anos que non queiran optar pola licenza Elite, poden obter a licenza de Master 30.

Poderán cambiar a súa licenza a Elite ao longo da tempada, segundo a Normativa Técnica da RFEC.

A Quilometraxe máxima será de 120 kms

Non se poderá cobrar como taxa ou dereito de inscrición en probas desta categoría un valor superior aos 10,00 €.

## 6.10. MASTER 40, 50 E 60

Subdivídense en tres categorías: Master 40 (de 40 a 49 anos); Master 50 (de 50 a 59 anos) e Master 60 (de 60 a 75 anos, se a póliza do Seguro o permite).

Poderán participar sempre que non teñan carreira para a súa categoría o mesmo día, nas probas dos Masters 30 coas mesmas condicións técnicas establecidas para estas categorías.

O Organizador da proba poderá limitar a participación dalgunha das categorías de Masters, indicándoo no regulamento particular.

A participación será conxunta cun máximo de 80 Kms. Para os Master 60, a quilometraxe máxima será de 60 Kms.

Non se poderá cobrar como taxa ou dereito de inscrición en probas desta categoría un valor superior aos 10,00 €.

## 7. PARTICIPACIÓNS CONXUNTAS

### 7.1. JUNIOR E SUB-20 MASCULINO

#### 7.1.1. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Exceptuando os Campionatos de Galicia, e sempre que os organizadores o fagan constar nos regulamentos particulares de cada proba, poderán participar corredores da categoría SUB-20 cos Júnios, adaptándose tecnicamente ás condicións dos júniors, a condición de que non haxa na comunidade probas destinadas a corredores Sub-23 ou Elite.

#### 7.1.2. CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

Deberanse realizar clasificacións separadas, por unha banda realizarase unha clasificación para os corredores Júnior cos seus trofeos e os seus premios en metálico correspondentes.

Doutra banda realizarase unha clasificación para os corredores SUB-20 que poderán optar a trofeo se o determina a organización, pero non a premios en metálico.

#### 7.1.3. PARTICIPACIÓN CONXUNTA JÚNIOR – SUB 23

*DE ACORDO COA NORMATIVA DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CICLISMO, E CON CARÁCTER EXCEPCIONAL PODERANSE AUTORIZAR A ORGANIZACIÓN DE PROBAS CON PARTICIPACIÓN CONXUNTA DESTAS CATEGORÍAS SEMPRE QUE TEÑAN CARÁCTER AUTONÓMICO E SE CONTEMPLA NOS REGULAMENTOS QUE SE PRESENTEN PARA A SÚA APROBACIÓN.*

### 7.2. MULLERES CON CATEGORÍAS MASCULINAS

#### 7.2.1. SE COMPITEN COA SÚA RESPECTIVA CATEGORÍA MASCULINA

Nas probas en que a normativa aplicable permita a participación conxunta das categorías de mulleres con categorías masculinas, poderase organizar a saída diferida das mulleres en función das súas categorías unha vez iniciada a proba, xa sexa tomando a saída nunha determinada volta para probas que se disputen en circuíto, ou ben, dando a saída nun punto quilométrico para probas que se disputen

na estrada.

Os membros do Xurado Técnico coordinarán coa organización e as participantes o criterio a seguir, extremando ao máximo a seguridade de todos os participantes durante este proceso.

#### *7.2.2. SE COMPITEN CUNHA CATEGORÍA MASCULINA INFERIOR*

As Cadetes mulleres poden participar cos infantís, optando a unha clasificación independente.

As Júnior co seu desenrolo poden participar cos cadetes, optando aos premios destes, ou cunha clasificación independente segundo o especificado no regulamento da proba.

As Elites co seu desenrolo poden participar cos júnior, optando aos premios destes, ou cunha clasificación independente segundo o especificado no regulamento da proba.

En todos os casos, haberá unha clasificación individual para cada categoría, a condición de que se presenten na saída da proba polo menos 3 representantes de cada categoría.

## **8. NORMAS COMUNS PARA TODAS AS MODALIDADES.**

### **8.1. RANKING DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

A Federación Galega de Ciclismo, establecerá un ranking de puntos para ciclistas con licenza federativa galega. Concederanse puntos en todas as probas competitivas que se celebren en Galicia de todas as categorías, Elaborarase un ranking por categoría e disciplina, tanto masculino, coma feminino. A Federación Galega de Ciclismo, entregará ao primeiro clasificado do ranking de cada categoría un recordo como vencedor deste, na Gala do Ciclismo Galego.

O baremo para establecer o ranking autonómico será en función da clasificación individual de cada proba e repartíndose os puntos entre os 20 primeiros clasificados de cada proba e categoría segundo detalle das outras modalidades.

## 8.2. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

Establecerase a seguinte puntuación segundo o posto individual de cada corredor en todas as carreiras disputadas en Galicia e nos que todos os equipos galegos da categoría teñan opción a puntuar.

POSTO	PUNTOS
1 <sup>o</sup>	25
2 <sup>o</sup>	20
3 <sup>o</sup>	18
4 <sup>o</sup>	17
5 <sup>o</sup>	16
6 <sup>o</sup>	15
7 <sup>o</sup>	14
8 <sup>o</sup>	13
9 <sup>o</sup>	12
10 <sup>o</sup>	11
11 <sup>o</sup>	10
12 <sup>o</sup>	9
13 <sup>o</sup>	8
14 <sup>o</sup>	7
15 <sup>o</sup>	6
16 <sup>o</sup>	5
17 <sup>o</sup>	4
18 <sup>o</sup>	3
19 <sup>o</sup>	2
20 <sup>o</sup>	1

No caso de participar en probas por etapas só se concederán puntos collendo como referencia a clasificación final individual da proba.

Os puntos das probas por etapas de BTT serán computadas no ranking de Maratón, collendo como referencia a clasificación individual final da proba.

Para todas as modalidades, as probas tipo challenge puntuarán individualmente cada unha delas.

## 8.3. RANKING POR EQUIPOS

Ao final da tempada, sumaranse os puntos dos 4 mellores deportistas clasificados de cada equipo e en base a suma total de puntos establecerase o mellor equipo de

cada categoría.

#### 8.4. CERIMONIAS PROTOCOLARIAS DE PODIO.

É obrigatorio acudir a entrega de premios co uniforme oficial de competición do equipo en todas as competicións de todas as modalidades.

### 9. CAMPIONATOS DE GALICIA

#### 9.1. CAMPIÓNS DE GALICIA

En todas as probas autonómicas que se celebren na comunidade, o campión/a de Galicia da especialidade que se dispute, poderá vestir a camisola que o distingue como tal.

#### 9.2. PARTICIPACIÓN

Non se darán autorizacións a corredores/as galegos/as para participar en probas fora de Galicia cando coincidan cos campionatos autonómicos da súa categoría.

#### 9.3. TODAS AS MODALIDADES

Deberase realizar unha preinscrición dos/as participantes de todas as modalidades que se pechará o xoves anterior á disputa dos campionatos, dita preinscrición realizarase a través do correo electrónico ou fax ante a Federación Galega de Ciclismo, ou a través do que se dispoña na normativa específica realizada para a devandita proba.

O mesmo día da proba e ata unha hora antes da saída deberanse confirmar a preinscrición mediante a mostra ao xurado técnico da licenza do corredor.

Excepcionalmente o Xurado Técnico poderá autorizar a inscrición de algún corredor o mesmo día da proba sempre e cando sexa con alomenos 60 minutos antes do seu comezo.

##### 9.3.1. CAMPIONATOS GALEGOS EN ESTRADA

So se permitirá a participación de corredores con licenza expedida pola Federación Galega de Ciclismo.

Non poderán participar nos Campionatos Galegos en Estrada ciclistas con licencia expedida por unha comunidade autonómica distinta da Galega.

En caso das probas na estrada, a orde dos vehículos de equipos, determinarase en función do/a primeiro/a clasificado/a de cada equipo da proba do campionato do ano anterior, a condición de que se presenten polo menos 3 corredores na saída do campionato.

No caso de que houboese máis dun equipo que non participaron o ano anterior, celebrarase un sorteo con estes equipos que irán a continuación dos anteriores.

Para as probas contra o reloxo, o sorteo determinarase por orde inversa en función do/a primeiro clasificado/a de cada equipo na clasificación da proba do campionato do ano anterior. No caso de que houboese máis dun equipo que non participaron o ano anterior, celebrarase un sorteo con estes equipos que irán a continuación dos anteriores.

Cando o número de participantes en calquera das categorías sea inferior a tres, estes corredores participarán cos corredores da categoría superior, a excepción dos masters que participaran coa inferior, quedando desierto o campeonato. As competicións poderanse disputar nas categorías e modalidades que se analizan a continuación:

#### 9.4. CATEGORÍAS

**AS CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN DO CAMPIONATO GALEGO, ÚNICAS CON DEREITO A MAILLOT ACREDITATIVO E MEDALLAS SERÁN:**

##### MASCULINO

- Elite
- Sub-23
- Júnior
- Cadete

FEMININO (Realizarase podium de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredoras)



- Elite
- Júnior
- Cadete

## MASTER

- Máster 30 / 40 / 50 / 60. (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)

## 9.5. ESTRADA

### 9.5.1. MASCULINO

- Sub 23 e Elite en liña, a participación é conxunta pero as clasificacións son separadas a condición de que como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.
- Sub 23 e Elite contra reloxo individual, a condición de que como mínimo tomen a saída polo menos 3 ciclistas en cada categoría.
- Júnior en liña.
- Júnior contra reloxo individual.
- Cadetes en liña.
- Cadetes contra reloxo individual.
- Máster 30, Máster 40, Máster 50, Máster 60 en liña, CRI ou CRE. Clasificacións separadas e participación conxunta sempre e cando como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.
- Máster 30, Máster 40, Máster 50, Máster 60 contra reloxo individual ou por equipos.

### 9.5.2. FEMININO

- Elite-Sub 23 en liña, cando como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.
- Elite-Sub 23 contra reloxo individual.
- Júnior en liña, cando como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.
- Júnior contra reloxo individual



- Cadetes en liña, cando como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.
- Cadetes contra reloxo individual.

Mulleres cadetes, júnior, sub 23 e elite en liña na que a proba sexa con participación conxunta farase unha clasificación separada sempre e cando como mínimo tomen a saída polo menos 3 ciclistas en cada categoría.

## 9.6. CICLO-CROSS

### 9.6.1. MASCULINO

- Sub 23 e Elite , participación conxunta e clasificacións separadas a condición de que como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría
- Júnior
- Cadete
- Máster 30, Máster 40, Máster 50, Máster 60. Clasificacións separadas e participación conxunta sempre e cando como mínimo tomen a saída polo menos 5 ciclistas en cada categoría.

### 9.6.2. FEMININO .

- Elite
- Júnior
- Cadete

### 9.6.3. ORDE DE SAÍDA

Para as categorías elite, sub-23, júnior, máster 30 / 40 / 50 / 60, féminas cadete, féminas júnior e féminas elite establecerase de acordo á puntuación obtida polos corredores na Clasificación Individual "Ranking de Ciclo-Cross" da Federación Galega de Ciclismo actualizado ata a celebración do campionato.

Os/As corredores/as sen puntos na clasificación, colocaranse a continuación, por sorteo.

### Duración da proba

Máster 40, máster 50 e máster 60	40 min.
Máster 30	40 min.
Féminas cadete e homes cadete	30 min.
Féminas júnior e homes júniors	40 min.
Féminas elite	50 min.
Elite e sub 23	60 min.

## 10. CICLISMO ESCOLAR

### 10.1. PARTICIPACIÓN CONXUNTA EN COMPETICIÓNS ESCOLARES

As mulleres Infantil, Alevín , Principiantes e Promesa, correrán xunto cos corredores masculinos correspondentes á súa categoría. As corredoras levarán o desenvolvemento e realizarán a distancia que corresponda á súa categoría. As clasificacións serán conxuntas.

As corredoras con categoría de cadetes poderán participar conxuntamente coa categoría Infantís masculino. Terán opción a trofeo se toman a saída alomenos tres corredoras.

### 10.2. REGULAMENTO XERAL

Para obter a licenza, será requisito imprescindible presentar a Fotocopia do Libro de Familia e estenderase unha Credencial da Federación Galega de Ciclismo, para que poidan desenvolver as actividades correspondentes, responsabilizándose o pai, a nai ou titor legal de calquera accidente que poida ocorrer. Para iso, deberá encher e asinar o documento correspondente facilitado a través da páxina web.

A tempada oficial para as Reunións escolares será a comprendida entre o 1 de Marzo o 30 de setembro.

O Director Deportivo da Escola, con exclusión de calquera outra persoa, é o único autorizado a solicitar as explicacións do Xurado Técnico da proba en caso de discrepancia. Os pais, seguidores ou acompañantes dos alumnos non poderán en ningún caso inmiscuirse na competición.

Ningunha persoa poderá acceder ao circuíto ata que este se atope completamente pechado ao tráfico e estea presente a Asistencia Sanitaria, durante as competicións, sesións de arrefriamento e adestramentos, nos que será obrigatorio o uso do casco protector ríxido regulamentario.

Haberá unha zona inaccesible ao público, delimitada, de 10 m. de lonxitude e situada 2 m. antes da liña de Meta; esta zona estará destinada aos Directores das Escolas debidamente acreditados.

Como medida cautelar da formación física dos nenos os posuidores de licenzas de Infantís, Alevíns, Principiantes e Promesas, non poderán participar en ningunha reunión de escolas, sen mediar un prazo igual ou superior a 2 días desde a súa última participación.

En caso de detectar reiteración no incumprimento das normas anteriores e de exceso de participación dalgún neno, a licenza deste será retirada, á vez que se abrirá un expediente disciplinario ao Director da Escola ou Director Deportivo e a súa correspondente sanción.

O organizador reservará unha zona ou recinto para o desenvolvemento da reunión de directores de escola. Só poderán acceder a esta zona ou recinto, o/a responsable de cada Escola, o Organizador, o Xurado técnico e un membro da Comisión Técnica ou Federación Galega presente na proba.

As Reunións escolares, deberán celebrarse dentro desta Federación, estando prohibida a participación dos/as alumnos/as das Escolas en probas doutras Federacións, salvo nos casos nos que sexan expresamente autorizados por escrito pola Comisión Técnica desta Federación, así mesmo está prohibida a participación de corredores/as doutras federacións, salvo caso de acordos ou intercambios adoptados pola Federación Galega de Ciclismo con outras federacións, e sempre, nas condicións que esixe a presente Normativa aos corredores/as das Escolas da Federación Galega de Ciclismo.

### 10.3. FOMENTO DO CICLISMO ESCOLAR

Para fomentar a participación nas probas que organizan os clubs da Federación Galega de Ciclismo, créase a categoría de Promoción. Nela poderán participar todos/as os/as nenos/as previa obtención, no lugar da proba, da licenza de 1 día, que deberá ir obrigatoriamente asinada polo pai/nai ou titor/a legal.

A Federación Galega de Ciclismo, fará unha bonificación por un importe equivalente ó aboado pola licenza de un día se posteriormente ao pago se obtén a licenza anual. (Neste caso a bonificación deberá ser solicitada polo club de destino ou ben polo pai, nai ou titor/a)

Será obrigatorio para participar o uso do casco ríxido.

Os/as corredores/as con licenza temporal de 1 día, deberán ser inscritos polo Director/a Deportivo/a dunha Escola participante na Reunión, segundo as normas de inscrición para as licenzas dun día (punto 1.1.2.4).

Estes nenos/as participarán cos da categoría que lles corresponda pola súa idade. O organizador proporcionará os dorsais necesarios para a participación destes corredores en promoción.

Na saída, os nenos/as que participen coa licenza de 1 día serán nomeados/as cos/as corredores/as da Escola pola que foron inscritos/as e colocados/as ao final do pelotón de corredores/as.

Os/as nenos/as inscritos/as con licenza de 1 día participarán con bicicleta comercial común ou de competición, no caso que presente un desenvolvemento non conforme ao establecido para a súa categoría e na imposibilidade do corredor a dispor do regulamentario, poderáselle permitir a saída nas devanditas condicións nesta única ocasión.

No caso das Gymkanas, establécese un límite de dez participantes en total con licenza de 1 día.

Se por exceso de participación, hai un número superior ao límite establecido, os/as devanditos/as corredores/as formarán unha lista de espera que terá prioridade na seguinte Gymkana.

## 10.4. REUNIÓNS ESCOLARES

En todas as probas esixirase a presenza dun médico/a e unha ambulancia convenientemente equipada, como mínimo.

Estas reunións celebraranse en circuítos pechados ao tráfico, pistas, velódromos, polideportivos ou similares e sobre todo en lugares chairos e coa máxima seguridade dos alumnos/as.

A chamada de corredores/as realizarase pola seguinte orde: 1º Club Organizador, a continuación, previo sorteo entre os equipos inscritos, determinarase que club será o 2º, o 3º, etc. tomando como referencia este equipo iráselles nomeando segundo figuren nas listas do Xurado Técnico.

### 10.4.1. DESENROLOS

Nas reunións escolares determinarase as seguintes multiplicacións e desenvollos:

- Ata a categoría de Principiantes o desenvollo máximo utilizado será de 5,45 metros, equivalente a 46x18
- En Alevín, o desenvollo máximo autorizado é 6,14 m. equivalente a 46x16
- En Infantil, o desenvollo máximo autorizado é 6,40 m. equivalente a 48x16

Ao corredor/a que se lle detecte durante un control un desenvollo non conforme, seralle denegada a saída, sen posibilidade de rectificación, nin sequera modificando mecanicamente ou procedendo á substitución do elemento da bicicleta causante da falta ou da bicicleta mesma.

### 10.4.2. PARTICULARIDADES DAS REUNIÓNS NA CATEGORÍA PROMESA E PRINCIPIANTE

Obrigatoriamente deberase celebrar unha proba de habilidade e xogos consistente na Gymkana.

Ademais para esta categoría poderanse dispor tamén dunha proba en liña, será nun percorrido totalmente chairo e nunca cunha distancia maior de 1 quilómetro para os promesas e de 2 para os principiantes.

Todo isto deberá quedar claramente reflectido á hora da presentación da

documentación da celebración da proba na Federación Galega de Ciclismo.

No caso de realizarse as dúas probas o/a vencedor/a será determinado/a polo/a ciclista que consiga o menor número de puntos trala suma das puntuacións de cada proba. Darase 1 punto ao primeiro/a clasificado/a en cada proba, 2 puntos ao segundo/a, 3 ao terceiro/a e así sucesivamente.

Co fin de fomentar as habilidades nos/as nosos/as pequenos/as deportistas, establécese a modalidade das GYMKANAS coa seguinte estrutura de obstáculos que será considerada mínimo obrigatorio.

Nas probas que organizan os clubs, poderán participar os/as nenos/as da localidade, que serán presentados/as polas Escolas Organizadoras, previa obtención no lugar da proba, da licenza de 1 día.

#### 10.4.3. EXEMPLO DE ESTRUCTURA DOS OBSTÁCULOS.

1º LABIRINTO SIMPLE: Sobre un total de 8 conos. Distancia entre conos: Un metro e medio. Penalización: Tirar 1: -1. Máis dun: -2

2ª LABIRINTO COMPLEXO: Sobre 5 conos. Distancia entre conos: 2 metros. Penalización: Ídem.

3º PASO ESTREITO 1: Distancia entre listóns: medio metro. Penalización: Tirar 1: -1, 2: -2.

4º PASO ESTREITO 2: Separación do paso estreito: 15 cm.

5º PASO DE ALTURA: Altura aproximada: 1m.30cm. Penalización: -1 tírase.

6º SURPLACE: Deterse durante 3 segundos os/as principiantes e 5 segundos os/as alevíns e infantís.

7º A VOLTA AO CÍRCULO: Círculo cun diámetro de tres metros. Realizar dúas voltas. Penalización: -1p. se sae do círculo ou non completa as dúas voltas.

8º CURVA ACENTUADA Á DEREITA: Curva acentuada delimitada con conos. Penalización: -1p. se tira algún cono ou o ciclista se cae.

9º CURVA ACENTUADA Á ESQUERDA: Ídem. Anterior.

10º BALANCIN: -1p. se non o pasa.



11º RECOLLIDA DO BIDON: Bidón colocado nun círculo dun diámetro de 30 cm. que hai que coller e depositalo nun círculo do mesmo diámetro situado a catro metros de leste. Penalización: -1p. se colle e non se coloca dentro do círculo correspondente e -2p. se non se chega a coller do primeiro círculo.

12º TIRAR A GOL: Nunha portería delimitada por dous conos separados entre si por unha distancia de dous metros, introducir un balón colocado a unha distancia de tres metros e medio en liña recta. Penalización de -1p. se non se mete gol.

Resultará vencedor/a da proba aquel/a deportista que rexistre o menor número de penalizacións no conxunto total das probas anteriormente mencionadas. No caso de igualdade a puntos, o menor tempo empregado no percorrido, servirá para desempatar.

#### 10.4.4. PARTICULARIDADES DAS REUNIÓN EN CATEGORÍA ALEVIN E INFANTÍS

Todas as probas serán en liña, podendo nas carreiras de infantís existir un premio intermedio, que comprendería a disputa de sprints, tres como máximo, ao paso de volta por Meta, o premio outorgado ao vencedor/a de cada un dos sprints, consistirá nun obsequio, agasallo ou detalle, con exclusión de primas en metálico.

O regulamento particular da proba deberá recoller a eventual disputa dun premio intermedio e os premios correspondentes

#### 10.5. TROFEOS

En cada reunión escolar entregaranse como mínimo os seguintes trofeos por cada categoría, independentemente de compitan en conxunto, entregarase o torfeo correspondente a súa categoría, nunca por resultado absoluto na proba.

##### MASCULINO

- Infantís: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Alevíns: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Principiantes: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados
- Promesas: 3 trofeos ou medallas para os 3 primeiros clasificados.

##### FEMININO



- Infantís: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificados
- Alevíns: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificados
- Principiantes: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificados
- Promesas: 3 trofeos ou medallas para as 3 primeiros clasificados.

Os Trofeos ou medallas entregados deberan ser os mesmo tanto para os nenos coma para as nenas, Están prohibidos os premios en metálico.

## **11. REGULAMENTOS TÉCNICOS DAS PROBAS DE CICLOCROSS**

### **11.1. NORMATIVA XERAL**

Para todas as probas a celebrar na modalidade de ciclocros, seguiranse as disposicións marcadas nos regulamentos técnicos da Real Federación Española de Ciclismo baixo o epígrafe “ Probas de Ciclo-Cross.”

### **11.2. PREMIOS**

Os premios mínimos nas probas na modalidade de ciclocrós do Calendario Rexional Galego son os que se indican no Apéndice I. Obrigas Financeiras

### **11.3. CAMPIONATOS DE GALICIA**

#### *11.3.1. PARTICIPACIÓN*

Poderán participar calquera corredor con licenza expedida pola RFEC ou por calquera federación afiliada a UCI e só os/as corredores/as con licenza federativa expedida pola Federación Galega de Ciclismo poderán optar a medallas nos podiums dos campionatos. Os/As corredores/as galegos/as non poderán participar en probas fóra de Galicia, coincidindo cos campionatos autonómicos da súa categoría.

#### *11.3.2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN*

Deberase realizar unha preinscrición dos/as participantes que se pechará o xoves

anterior á disputa dos campionatos, a devandita preinscrición realizarase a través do correo electrónico ou fax ante a Federación Galega de Ciclismo, ou a través do que se dispoña na normativa específica realizada para a devandita proba. Excepcionalmente, e se falla algún destes medios e debidamente xustificado, poderase formalizar a inscrición o día da proba.

O mesmo día da proba e ata unha hora e media antes da saída, deberanse recoller os números e confirmar a preinscrición mediante a mostra ao xurado técnico da licenza do/a corredor/a.

### 11.3.3. CATEGORÍAS

As categorías de competición do campionato de Galicia, únicas con dereito a maillot acreditativo e medallas serán:

#### MASCULINA

- Elite
- Sub-23
- Júnior
- Cadete
- - Máster 30 / 40 / 50 / 60. (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)

#### FEMININA

- Elite (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)
- Sub-23 (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)
- Júnior (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)
- Cadete (Realizárase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores)

Se o número de corredores/as participantes nunha categoría é inferior a 3, estes/as corredores/as pasarán a competir coa categoría inmediatamente superior (inferior no caso de máster) e quedará deserta a atribución do campionato.

#### 11.3.4. ORDE DE SAÍDA

Para as categorías elite, sub'23, júnior, máster 30 / 40 / 50 / 60, féminas cadete, féminas júnior, féminas elite e feminas Sub-23 establecerase de acordo á puntuación obtida polos/as corredores/as na Clasificación Individual "Ranking de Ciclo-Cross" da Federación Galega de Ciclismo actualizado ata a celebración do campionato.

Os/As corredores/as sen puntos na clasificación, colocaranse a continuación, por sorteo.

#### 11.3.5. DURACIÓN DA PROBA

- Máster 40, máster 50 e máster 60 : 40 min.
- Máster 30 : 40 min.
- Féminas cadete e homes cadete : 30 min.
- Féminas júnior e homes júniors : 40 min.
- Féminas elite : 50 min.
- Elite e sub 23 : 60 min.

Saídas

##### 1ª Manga:

- MASTER 30/40/50/60

##### 2º Manga

- ELITE/SUB 23 FEMINAS
- JUNIOR FEMINAS (salida 1 min/ 30 seg. después Elite/sub23 féminas según características del circuito)
- CADETE MASCULINO (salida 2 min después Junior féminas)
- CADETE FEMENINO (salida 1 min/ 30 seg. después Elite/sub23 féminas según características del circuito)

##### 3º Manga

- ELITE/SUB 23 MASCULINO

- JUNIOR

## 12. NORMATIVA BTT

### 12.1. NORMATIVA XERAL

As probas a celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia na modalidade de BTT desenvólvese polo disposto no presente regulamento, e no non contemplado, rexeranse polo estipulado na normativa da RFEC e da UCI.

### 12.2. CALENDARIO

O calendario de probas de BTT da Federación Galega de Ciclismo estará aberto todo o ano, a excepción do Mini BTT que comprenderá desde o 1 de marzo ao 31 de outubro

Para que unha proba sexa incluída no calendario da Federación Galega de Ciclismo, deberán enviar a solicitude normalizada para este fin.

As carreiras poderanse calendar ao longo de toda a tempada, con todo terán sempre prioridade na reserva de datas aquelas probas que se calenden no momento que a Federación Galega abra o período de solicitude de creación do calendario de competición. En caso de coincidencia de data, terá preferencia a carreira de maior antigüidade.

Non se permitirá calendar probas puntuables para o Open de Galicia ou Campionato de Galicia cando a mesma coincida con probas nacionais de categoría superior ( Open de España e/ou Campionatos de España.)

### 12.3. CATEGORÍAS

12.4. AS PROBAS DE BTT ESTÁN ABERTAS Á PARTICIPACIÓN DE TODOS OS CICLISTAS, SEGUNDO A CATEGORÍA QUE FIGURE NA SÚA LICENZA VIXENTE PARA A PRESENTE TEMPADA:

CATEGORIA / PROBAS	XCO	XCM	XCE	DH	END	ETAPAS	RST	XCM u	CTT
ELITE	X	X	X	X	X	X	X	X	X
SUB23	X	X	X	X	X	X	X	X	X
JUNIOR	X	X	X	X	X				X

CATEGORIA / PROBAS	XCO	XCM	XCE	DH	END	ETAPAS	RST	XCM u	CTT
CADETE	X		X	X	X				X
MASTER 30	X	X	X	X	X	X	X	X	X
MASTER 40	X	X	X	X	X	X	X	X	X
MASTER 50	X	X	X	X	X	X	X	X	X
MASTER 60	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS ELITE	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS MASTER 30	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS MASTER 40	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS MASTER 50	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS MASTER 60	X	X	X	X	X	X	X	X	X
FEMINAS JUNIOR	X	X	X	X	X				X
FEMINAS CADETE	X			X	X				X
CICLOTURISTAS									X
ESCOLAS (Prebenjamín, Promesa, Principiante, Alevín, Infantil)	MINI BTT XC			MINI BTT DH					

## 13. CLASES DE PROBAS

### 13.1. PROBAS DE COMPETICIÓN

A denominación por clase das probas autonómicas será a seguinte:

CLASE	PARTICIPACIÓN
H.1A	Probas do Open de Galicia de XCO
HA	Resto de probas de XCO do calendario galego
I.1A	Probas do Open de Galicia de DH
IA	Resto de probas de DH do calendario galego
K.1A	Probas do Open de Galicia de Bike Maratón (XCM)
KA	Resto de probas de Bike Maratón do calendario galego (XCM)
L.1A	Probas do Open de Galicia de Enduro
LA	Resto de probas de Enduro do calendario galego
RA	Probas de resistencia do calendario galego
SA	Probas de XC eliminator do calendario galego
KUA	Probas de XCM Ultramaratón do calendario galego

### 13.2. MARCHAS NON COMPETITIVAS – CICLOTURISMO

Modalidade deportivo-ciclista non competitiva. Esta categoría comprende a todos os ciclistas a partir de 15 anos cumpridos no ano de solicitude de licenza. Para os menores de idade precísase a autorización do pai, da nai ou do titor legal.

CLASE	PARTICIPACIÓN
MCA	Marchas cicloturistas/ciclodeportivas non competitivas de BTT

## 14. REGULAMENTO PARTICULAR, INSCRICIÓNS E ORGANIZACIÓN

### 14.1. REGULAMENTO PARTICULAR

Todas as probas de BTT serán organizadas por entidades deportivas debidamente afiliadas á Federación Galega de Ciclismo. O club organizador, deberá presentar na Federación Galega de Ciclismo con 30 días de antelación (45 no caso de atravesar ou circular por estrada), 2 exemplares do regulamento particular da proba asinados e selados polo presidente do club. Deberán conter todos os datos necesarios para precisar con detalle a proba para organizar.

### 14.2. ORGANIZACIÓN

Deberase ter un lugar para a realización das inscricións, devandito lugar deberá ser cuberto, con espazo e dotacións suficientes para as operacións do control da licenza, entrega dos dorsais e placas das bicicletas.

O club organizador, entregará a todo corredor inscrito bridas e imperdibles.

Poñerase a disposición do Xurado Técnico neste lugar dunha toma de corrente eléctrica de 220V, composta por 3 enchufes.

Deberase ademais dispoñer dun servizo médico suficiente, formado como mínimo por unha ambulancia e un médico. O incumprimento do presente punto significará a suspensión inmediata da proba.

O club organizador deberase encargarse de sinalizar e marcar o acceso ao circuíto e todo o percorrido da proba,

Na liña de chegada e na zona de podium, deberase contar cun servizo de megafonía suficiente e adecuada.

O club organizador se compromete a entregar a todos os participante avituallamiento líquido/sólido ao final da proba.

Recomendable aparcadoiro para vehículos, duchas para participantes, vestiarios e

servizo de limpeza de bicicletas, panel de información. O organizador dispondrá dun dispositivo de seguridade que permita poder evacuar ou trasladar a calquera corredor ferido en calquera punto do circuito.

### 14.3. INSCRICIÓN E CONTROIS

O organizador establecerá no regulamento particular da proba a modalidade de inscrición, no caso de que houbera preinscrición, o organizador deberá enviar a correo dos árbitros un listaxe de preinscritos con dorsales asinados antes das 12:00 horas do venres anterior á celebración da proba.

No local das inscricións ou ben preto da liña de saída deberá colocarse un panel indicativo cun espazo suficiente para conter toda a información relativa á carreira: Lista de pre-inscrición (nome, apelidos, categoría e equipo), horarios, percorrido, perfil, avituallamiento, zonas de acceso para os acompañantes, situación dos servizos médicos, situación das duchas e mangueras de limpeza, premios e trofeos previstos, orde de saída en probas de descenso, clasificacións xerais parciais, etc.

### 14.4. SISTEMA DE INSCRICIÓN E CONTROIS

Consideraranse válidas a inscrición electrónica e a inscrición tradicional para este tipo de probas. O organizador á hora de elaborar os regulamentos da proba, deberá indicar o tipo de inscrición que ten previsto realizar para a súa proba.

#### 14.4.1. PROBAS CON SISTEMA DE INSCRICIÓN ELECTRÓNICA

Para o caso de probas con este sistema de inscrición, os participantes deberán inscribirse na mesma mediante unha aplicación Web. Dita inscrición pecharase segundo indicacións do regulamento particular da carreira, e como moi tarde antes das 20:00 horas do xoves anterior á celebración da proba. Non permitíndose inscricións o día da proba.

O organizador deberá indicar no regulamento particular da proba as fórmulas para o pago da inscrición. **Na medida do posible, o organizador facilitara que o corredor poida realizar o pago en efectivo o mesmo día da carreira ou o día anterior.**

Neste caso o organizador non admitirá ningunha inscrición o mesmo día da proba.



O organizador enviará por correo electrónico, tanto á Federación Galega de Ciclismo como ao Comité de Xuíces-Árbitros a lista de inscritos antes das 12:00 horas do venres anterior a celebración da proba

#### 14.4.2. *PROBAS CON SISTEMA DE INSCRICIÓN TRADICIONAL*

No caso de probas co sistema de inscrición tradicional, permitirase facer a inscrición o mesmo día da proba, dispoñendo os participantes de 60 minutos para realizar a mesma. A inscrición abrirase **unha hora e media antes de que** comece a competición e pecharase 30 minutos antes da hora fixada para a saída.

A entrega dos dorsais e placas, realizarase ata 30 minutos antes da saída da proba coa verificación da licenza por parte do Xurado Técnico e coa presentación ao organizador do comprobante de transferencia ou ingreso bancario, ou en todo caso, do pago directo do dereito de inscrición.

#### 14.4.3. *DORSAIS E PLACAS*

Repartición de numeración por categorías para as probas de BTT XCO E

DH

<b>Elite</b>	?
<b>Sub 23</b>	?
<b>Junior</b>	?
<b>Master 30</b>	?
<b>Master 40</b>	?
<b>Master 50 e 60</b>	?
<b>Muller Elite e Master</b>	?
<b>Muller Junior</b>	?
<b>Muller Cadete</b>	?
<b>Cadete</b>	?

#### 14.4.4. CERIMONIA PROTOCOLARIA DE PÓDIUM

É obrigatorio acudir á entrega de premios co equipamento oficial de competición do equipo.

## 15. CAMPIONATOS DE GALICIA

### 15.1. PARTICIPACIÓN

Só os corredores con licenza federativa expedida pola Federación Galega de Ciclismo poderán optar a medallas nos podium dos campionatos. **Os corredores galegos non poderán participar en probas fóra de Galicia, coincidindo cos campionatos autonómicos da súa categoría, a excepción de probas con rango superior os Campionatos de Galicia.**

**Nos Campionatos de Galicia poderán participar corredores que estean en posesión da licenza federativa distinta á expedida pola Federación Galega, pero nunca terán opción o podio do campionato.**

Non se permitirá a participación a corredores de licenza dun día.

### 15.2. DISCIPLINAS

Poderán celebrarse campionatos de Galicia nas seguintes modalidades:

- Cross country (XCO)
- Maratón (XCM)
- Descenso (DHI)
- Enduro (END)

As categorías **individuais** de competición para cada unha das probas serán as seguintes:

Cross country XCO	Descenso DHI	Maratón XCM	Enduro
HOMES	HOMES	HOMES	HOMES
Elite	Elite	Elite	Elite

Cross country XCO	Descenso DHI	Maratón XCM	Enduro
Sub-23	Sub-23	Sub-23	Sub-23
Junior	Junior	Master 30	Junior
Cadete	Cadete	Master 40	
Master 30	Master 30	Master 50-60	Master 30
Master 40	Master 40-50-60 conxuntamente	Junior	Master 40
Master 50-60			Master 50-60
MULLERES	MULLERES	MULLERES	MULLERES
Elite (inclúe master)	Elite (inclúe master)	Elite Master	Elite (inclúe master)
Junior	Junior	Junior	Junior
Cadete	Cadete		

Para a disputa dun Campionato de Galicia en calquera categoría e modalidade deberán presentarse á saída da proba un mínimo de tres participantes con licenza anual expedida pola Federación Galega de Ciclismo, **excepto nas categorías de mulleres que deberán de presentarse á saída un mínimo de dous participantes.**

### 15.3. ORDE DE SAÍDA:

#### 15.3.1. CROSS-COUNTRY

A orde de posición na grella de saída de todas as categorías determinarase segundo a clasificación individual do Open de Galicia, actualizado á semana anterior da data fixada para a celebración do campionato de Galicia.

O Campión de Galicia de cada unha das categorías do ano anterior ocupará a primeira posición na grella de saída, sempre que manteña a categoría.

#### 15.3.2. DESCENSO

1º.- Homes master 40-50-60; 2º.- Homes master 30; 3º.- Homes cadete, 4º Homes Junior, 5º Mulleres Cadete, 6º Mulleres Junior, 7º Mulleres Elite (Inclúe Mulleres Master); 8º.-Homes Sub-23; 9º. – Homes Elite.

Na **manga semifinal** a orde de saída determinarase segundo a clasificación individual do Open de Galicia, actualizado á semana anterior da data fixada para a celebración do campionato galego. O campión de Galicia do ano anterior sairá en último lugar dentro do seu categoría a condición de que manteña a mesma.

Na **manga final** manterase a orde de saída por categorías e dentro de cada unha, por orde inversa segundo os tempos rexistrados na primeira manga.

### 15.3.3. MARATÓN

Proba de cros country de longa distancia, con distancia mínima de 60 km e máxima de 120 km recomendándose un tempo mínimo de 3 horas para un competidor **Elite** de nivel medio.

As posicións na grella de saída de cada unha das categorías, determinarase ocupando a primeira posición o Campión/a de Galicia do ano anterior, sempre que manteña a categoría. A continuación colocaranse os 10 primeiro corredores da clasificación provisional do Open de Galicia Maratón ou clasificación do ano anterior se non a houberse.

A participación de deportistas con licenza dun día, realizarase dentro do Grupo Cicloturista facendo a saída 10 minutos despois do grupo de competición e sen opción a ningún tipo de clasificación.

No caso do Grupo Cicloturista establecerase unha relación co tempo empregado por cada deportista en completar o percorrido ordenado alfabeticamente ou por número de dorsal.

Fixase coma tempo de fóra de control o de 50% minutos desde que cruce a liña de meta o primeiro corredor diferenciando a categoría masculina absoluta da categoría feminina absoluta, podendo ampliarse, nunca reducirse, a criterio do colexio de comisarios atendendo ás circunstancias do percorrido e/ou as condicións climatolóxicas.

#### 15.3.4. ENDURO

Para a orde de saída, recoméndase realizar unha proba cronometrada previa, que determine a orde de saída, en caso contrario a orde de saída para os primeiros corredores, determinarase segundo a clasificación provisional absoluta dos 25 primeiros clasificados absolutos do Open de Galicia Enduro do ano en curso.

O Campión de Galicia absoluto vixente, sairá co número 1.

## 16. RÁNKING FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

### 16.1. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

A Federación Galega de Ciclismo, establecerá un ránking de puntos para ciclistas con licenza federativa galega. Concederanse puntos en todas as probas que se celebren en Galicia de XCO, XCM, DHI e END de todas as categorías competitivas.

Elaborarase un ránking por categoría e disciplina, tanto masculino, como feminino.

A Federación Galega de Ciclismo, entregará ao primeiro clasificado do ránking de cada categoría un recordo como vencedor do mesmo, na Gala do Ciclismo Galego.

O baremo para establecer o ránking autonómico será en función da clasificación individual de cada proba e repartíndose segundo a seguinte táboa:

POSTO	PUNTOS
1º	20 Puntos
2º	15 Puntos
3º	12 Puntos
4º	10 Puntos
5º	8 Puntos
6º	7 Puntos
7º	6 Puntos
8º	5 Puntos
9º	4 Puntos
10º	3 Puntos
11º	2 Puntos

POSTO	PUNTOS
12º	1Punto

## 16.2. CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

A clasificación por equipos, obtérase coa suma dos puntos individuais do ránking individual conseguidos polos 3 primeiros corredores clasificados pertencentes a cada equipo contando con todas as categorías.

A Federación Galega de Ciclismo, entregará ao primeiro equipo do Ránking un recordo que o acredite como vencedor do mesmo, na Gala do Ciclismo Galego.

## 17. REGULAMENTO DO OPEN DE GALICIA BTT-XCO

A Federación Galega de Ciclismo, establece como circuíto autonómico de BTT-XCO o denominado Open de Galicia de BTT-XCO, co fin de estruturar a competición con probas de alto nivel.

A adxudicación das probas que conformen o Open de Galicia, será potestade exclusiva da Federación Galega de Ciclismo e dita adxudicación farase tras o estudo das distintas peticións dos organizadores. O número mínimo de probas para conformar o Open establecerase en tres.

### 17.1. CONDICIÓN S MÍNIMAS

As probas que configuran o Open de Galicia terán as seguintes condicións mínimas:

- Premios mínimos en metálico 440,00€
- Cota máxima de inscrición 5,00€

Para os corredores de categorías cadetes e juniors masculino e feminino, a cota de inscrición será gratuíta.

### 17.2. PARTICIPANTES

